



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 11 de marzo de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:58 horas do día venres 11 de marzo de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

AUSENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z PP

baixo a Presidencia de M^a ANGELES ALVAREZ CARRO 76363609K como Alcaldesa- Presidenta en funcións, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, as actas correspondentes ás sesións plenarias que tiveron lugar nas datas de 28/01/2022; 04/02/2022, de todas elas distribuídas coa convocatoria. O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

VOTACIÓNS E ACORDOS

1.1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 28/01/2022. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 28/01/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

1.2 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 04/02/2022). Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 04/02/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 2022/11 ao número 2022/33, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.- CONTRATACIÓN DE AVAL BANCARIO PARA TRAMITACIÓN DO ANTICIPO DE SUBVENCIÓN DE IDAE 2020 (FEDER-EELL-2020-003799) RATIFICACIÓN POLO PLENO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE PROPOSTA DE GASTO/INFORME DE NECESIDADE

Departamento: ALCALDIA

Nome e apelidos: ROBERTO REY MARTÍNEZ

Cargo: ALCALDIA

Visto que dende este servizo se ten constatado a necesidade de formalizar dun contrato menor de servizos para a tramitación do anticipo de subvención de IDAE 2020 (FEDER-EELL-2020-003799).

Visto que dende a secretaría intervención se ten informado do cumprimento dos requisitos para formalizar dito contrato segundo as seguintes características:

Descrición e orzamento detallado dos gastos: CONTRATACIÓN DE AVAL BANCARIO

Denominación da subvención á que se imputa este gasto, se é o caso: NON ESTÁ SUXEITO Á SUBVENCIÓN NINGUNHA.

Orzamento de gastos:

A dita proposta vai acompañada, no seu caso do seguinte orzamento:

-Empresa: , Banco Santander, S.A, sucursal 2722, sita en Ponte Carreira (FRADES)

Presuposto de servizos:

- Importe da aval: 161.176 €

- Vixencia do aval: 4 anos dende a concertación do mesmo

*- Custo anual do aval: 161.176€ * 0,5 % = 805,88 €/ano*

- Periodicidade de cobro: trimestral.

Visto que se entende que o provedor elixido conta con aptitude para contratar.

Considerando que o orzamento se entende adecuado para a satisfacción das necesidades municipais, que se inclúen dentro das competencias atribuídas aos concellos pola lexislación actual, RESOLVO:

PRIMEIRO: aprobar a adjudicación do contrato de aval a:

- Banco Santander, S.A.

- Importe do contrato ascende á contía de 3.223,52 €

SEGUNDO:- Dar traslado desta resolución ó adxudicatario para que proceda á formalización do contrato.

TERCEIRO:- Dar conta desta Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación."

INTERVENCIÓNS

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, pregunta por qué se escolleu esta entidade bancaria.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferriero Marzoa, contesta que era a entidade que ofrecía mellores condicións.

VOTACIÓN

Votos a favor:

6 PP

0 PSOE



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

0 BNG
Votos en contra:
0 PP
0 PSOE
0 BNG
Abstenciones:
0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: aprobar a adxudicación do contrato de aval a:

- Banco Santander, S.A.
- Importe do contrato ascende á contía de 3.223,52 €

SEGUNDO:- Dar traslado desta resolución ó adxudicatario para que proceda á formalización do contrato.

4.-MOCIÓNS.

4.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA CONVERTER O CENTRO SOCIOCOMUNITARIO NUN CENTRO DE DÍA. (RE Nº 101; 07/03/2022).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

“ O Grupo Municipal dos Socialistas e ra es e acor o e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN para converter o centro sociocomunitario nun centro de día.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A perda de poboación e o avellentamento da mesma son dúas características da dinámica demográfica no Concello de Frades, pois pasamos de ser 3.150 habitantes no 1998 a 2.422 no 2017; nese mesmo ano a poboación maior de 65 supoñía o 30% dos habitantes e con tendencia subir a porcentaxe. Estas dúas premisas sumadas a ruralidade do noso municipio provocan por extensión outro problema, a soidade. Moitos fogares de Frades son unipersoais ou teñen algún membro da familia, persoas maiores, que pasan a maior parte do día sos por razóns laborais dos demais membros da familia. Pois, o modelo de familia fradense tamén mudou e está a mudar cada vez máis, xa non todas as familias están vinculadas a unha explotación gandeira ou se o están non todos os seus membros traballan na mesma.

Estas razóns tan que a administración local teña que tomar conciencia delas e sexa quen de adiantarse a realidade que se nos aveciña. Unha sociedade avellentada, con persoas que pasan parte do día sos e que precisan coidados. Polo tanto, ofrecer cada vez máis servizos é un obxectivo irrenunciable para os socialistas de Frades e debería selo para calquera que teña conciencia política a nivel local.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

A día de hoxe o único servizo co que conta o Concello de Frades neste sentido é o Servizo de Axuda no Fogar, un servizo que consideramos imprescindible pero que resulta insuficiente pola falta de horas e de profesionais. O SAF ten, no noso concello, unha taxa de cobertura de arredor do 5% da poboación maior de 65 anos. E temos que darnos conta que este rango de poboación vai en aumento. Ademais este servizo non é incompatible con outros servizos que se poidan prestar.

Ademais, a principio de ano, sumouse a apertura dunha casa do maior que consideramos unha boa iniciativa pero que, ao noso entender, é quen de dar solución a realidade existente na actualidade pero que non vai ser quen de facer fronte ao futuro máis próximo e moito menos a longo prazo.

Todo isto, taínos reflexionar e adiantarnos as circunstancias e realidade que se nos avexia. É preciso que o Concello de Frades tome decisión de futuro e non decisións apuradas e para saír do paso; polo que, os socialistas creemos preciso dotar ao noso municipio dun Centro de Día que poida ofertar máis e mellores servizos.

Nos últimos días chegounos a noticia de que os concellos de menos de 20.000 habitantes que non teñan centros de día ou residencias poderán optar a axudas por 18,5 millóns de euros para a súa construción, cunha contía máxima de 1,2 millóns de euros grazas aos Fondos europeos que veñen do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que xestionou o Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez e o PP votou en contra no Congreso. O que propiciou que o presidente da Fegamp, Alberto Varela e a Conselleira de Política Social, Fabiola García asinaran un convenio marco ca obxectivo de canalizar estas axudas e mellorar a rede galega de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais.

Polo descrito anteriormente, propoñemos os seguintes acordos ao pleno do Concello de Frades

- 1. Aproveitar a construción que se esta a facer para destinar a Centro Sociocultural e convertelo nun Centro de Día.*
- 2. Buscar unha perfecta sintonía entre o novo Centro de ora e os servizos xa existentes.*
- 3. Emitir unha cláusula que obrigue a que dentro do persoal do Centro de Día estea o persoal que se puidera verse afectado pola prestación deste novo servizo.*

Frades, 7 de Marzo de 2022

INTERVENCIONS

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE procede a dar lectura da moción.

MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE, concelleiro do grupo municipal do BNG indica que non lle parece mala idea.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que a construción á que se fai referencia non se encontra preparada para que o seu destino sexa un centro de día. Dende o grupo de goberno non se cuestiona que nun futuro este proxecto poida resultar necesario se ben na actualidade considerase moi difícil a súa implementación e así o pon de manifesto o informe, que procede a leer, do departamento de servizos sociais que versa sobre a non necesidade deste servizo no concello de Frades ao non existir demanda. Indica que ao non existir demanda non ten xeito que se destine cartto público a dita finalidade en tanto en canto a mesma non vai a resultar executada.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE indica que a decisión de cambiar o uso da construción foi do equipo de goberno. E polo que comenta o voceiro do PP prefiren a que exista o problema para logo solventalo en lugar de adiantarse ao problema.

A ALCALDESA EN FUNCIONS indica que a casa do maior está funcionando de xeito satisfactorio sen ben soamente fai uso tres persoas.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE manifesta que esta moción fai referencia ao futuro, ao problema no que nos podemos encontrar no concello sendo necesario adiantarse ao mesmo e non ir arrastrando problemáticas.

A ALCALDESA EN FUNCIONS responde que non ten sentido executar este proxecto e logo que non exista demanda para poder levalo a cabo co despilfarro de caudal público que ilo conleva podendo ser utilizado doutro xeito que si pode reportar beneficios e utilidades á veciñanza.

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG explica que cando comezou o tema dos tanatorios nada os quería e agora todo o mundo está encantado ca prestación deste servizo e o mesmo poder pasar co centro de día, poden existir reticencias ao principio se ben as necesidades da vida darán lugar a esta nova necesidade e polo tanto á prestación do servizo. Advirte que nestes intres existen axudas por parte das administracións para a execución destes proxectos e sería unha pena non acollerse as mesmas.

Os concelleiros abren un debate en atención á necesidade ou non do servizo acadando posicións encontradas ao respecto

VOTACIÓN

Votos a favor:

0 PP
3 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

6 PP
0 PSOE



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

5.-INFORMES.

O portavoz do PP, Manuel Ferreiro Marzoa toma a palabra para informar dos seguintes asuntos:

FESTA DO ENTROIDO

A festa do Entroido realizouse o domingo 27 de febreiro de 2022 no pavillón de Ponte Carreira. Houbo máis de 200 persoas, realizáronse distintas actividades: inchables, foto matón, etc...

Tamén se colocou una carpa no exterior onde se colocou o chocolate, palomitas, roscón ... para poder así cumprir mellor coas normas Covid.

ACTOS DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO

Para a conmemoración do Día Internacional da Muller, o 8 de Marzo, o Concello de Frades realizou unha serie de actos e xornadas que implicaron á poboación en xeral.

- Unhas xornadas que se levaron a cabo coincidindo coa celebración dos mercadillos nas distintas parroquias do Concello. Para iso contamos cun punto de información nas feiras locais: os días 26 de febreiro e 12 de marzo en Pontecarreira e o 4 de marzo en Abellá, nos que se reparte material e se facilita información e asesoramento a todas as persoas que se achegan ó posto.
- Tanto no CPI coma no IES tivo lugar un proxecto de teatro-foro para a educación en valores, destinado a promover entre outras cousas o teatro e as artes plásticas como instrumento de concienciación para a promoción da Igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra as mulleres.
- O día 31 de marzo, unha vítima de violencia de xénero impartirá unha charla-coloquio ós alumnos e alumnas do IES de Pontecarreira, na que exporá a súa experiencia e a recuperación posterior.

O slogan que reivindicamos este ano é o de "No amor non todo vale"

PUNTO LIMPO MÓVIL



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Estamos en conversas co Concello de Mesía para a posta en marcha deste servizo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

-MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG plantexa as seguintes preguntas:

1.- PREGUNTA SOBRE O PARQUE EÓLICO BRANCELLAO

O Boletín Oficial do Estado publicou o día 17 de febreiro o anuncio de que se iniciaba o trámite de información pública do Parque Eólico Brancellao, un parque de 140 MW e 25 aerogeneradores de 5,6 MW, de 115 metros de altura e aspas de 170 metros de diámetro. O parque atinxe, ademais de a outros concellos, ao concello de Frades.

A vista do anterior o BNG pregunta:

- Ten previsto o goberno facilitar á veciñanza do concello toda a información de que dispón sobre o citado parque? Que método utilizará?*
- Ten previsto o goberno facilitar asesoramento á veciñanza interesada, nomeadamente á que vai verse atinxida polas obras e as estruturas ou infraestruturas do Parque Eólico?*

O alcalde contesta que falouse ca empresa encargada do mantemento e unha vez finalizado o desbroce terá lugar o mantemento .

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP, contesta que o alcalde xunto cos alcaldes de Vilasantar, Ordes e Mesía, tiveron unha reunión na Xunta onde lles indicaron que dito parque ía ser informado de xeito desfavorable. Aos concellos sinaldos chegou a información por rexistro se ben a Frades todavía non. No momento que teña entrada dita información será traballada aos efectos de dar información e coñecemento aos veciños.

2.- No último pleno presentou o BNG un rogo para que o concello adoptase as medidas necesarias para dispoñer de vivencias sociais e para situacións de emerxencia. O goberno dixo que ía estudar a proposta, de posible execución de haber subvencións para rehabilitacións.

O día 1 de febreiro, a Xunta de Galicia anunciaba a inminente convocatoria de subvencións para a rehabilitación de vivencias de titularidade municipal (http://igvs.xunta.ga1/web/comunicacion/detallenova?content=/PortaVivenda/SalaComunicacion/Novas/noticia_1346.html).

Á vista de todo o anterior, o BNG pregunta:

- 1.-Coñece o goberno municipal a convocatoria de subvencións do IGVS para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal?*
- 2.-Ten previsto solicitar a citada subvención? Está en condicións de acceder a ela? Para que edificación ou edificacións a solicitará?*

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP, contesta que este equipo de goberno está moi pendente de este tipo de necesidades se ben o departamento de servizos



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

sociais do Concello informe situacións deste tipo que precisam da actuación do Concello e así se responde. Se bem da lectura da Orde que fai referencia a tales axudas indícase a necesidade de estar inscrito nun determinado rexistro como demandante para poder acceder as mesmas e postos en contrato co instituto en Frades non se encontra nadie inscrito aos efectos de dar resposta a tal necesidade. Si non hai demanda non pode haber actuación.

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG responde que ao mellor a xente non tem coñecemento de terse que apuntar nun determinado rexistro para poder acceder así a este tipo de axudas e que o Concello proceda a súa tramitación.

Os concelleiros dos distintos partidos políticos abren un debate en atención á existencia da necesidade e polo tanto á debida tramitación da axuda mantendo o equipo de goberno e os concelleiros da oposición posturas contrarias.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa os seguintes rogos:

1.- ROGO PARA A HUMANIZACIÓN , CONTRUCCIÓN DUN PARQUE INFANTIL E MELLORA DE ACCESOS A PRAZA PUBLICA DE PAPUCÍN

Como en todas as parroquia do rural a Igrexa parroquial e as prazas públicas construídas ao seu carón son un centro de concen rac1on e conv1vencia para as mesmas. Un espazo común para o disfrute de todos.

Na actualidade a parroquia de Papucín só conta co parque infantil da Piscina Municipal, parque situado nunha esquina da parroquia e que non sempre é accesible. Ademais esta parroquia é unhas das que conta con máis nenas e nenas.

En consonancia con isto, o Grupo Municipal Socialista de Frades solicita ao goberno municipal que acometa obras de humanización na praza pública de Papucín, así como a construción dun parque infantil na mesma e o entubaxe das cunetas de acceso creando así máis zonas de aparcamento e evitando o desbordamento das'aigas de escorrentia.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP alegrase deste rogo posto que coinciden neste proxecto. Así esta recollido dito proxecto nos orzamentos deste ano respecto do cal se está a esperar ao debido convenio ca Xunta de Galicia.

A través do GDR encóntrase en fase de licitación os parques biosaludables.

Respecto ao parque infantil non contamos cos medios propios salvo que se poida executar a través dun obradoiro.

2.- ROGO QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INTALAR COLECTORES PARA A RECOLLIDA DE TAPONS DE ENVASES

Dende fai tempo vense realizando unha campaña



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

tapóns de envases. Foron moitos os concellos que coa apañación es a iniciativa instalaron colectores para a recollida dos mesmos. Por exemplo, no veciño Concello de Oroso, chamaron a iniciativa Corazóns Solidarios colocando colectores en forma de corazón; e a recollida de tapóns resultou ser un éxito.

A solidariedade é unhas das virtudes que os seres humanos debemos fomentar e cultivar cada día máis, pois as persoas precisamos, todas, unhas das outras. Con este espírito de solidariedade, unido a demanda por parte dalgunhas persoas deste tipo de iniciativa, o grupo municipal socialista de Fraides insta ao goberno local a instalar colectores para a recollida de tapóns.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP comparte a idea. Coñece que se recollen no colexio e se bem estase estudiando esta posibilidade a través da solicitude de subvencións.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas orais:

1.-A pista de Fondevila encóntrase en bastante mal estado

A ALCALDESA EN FUNCIONES indica que se debe ao tráfico de vehículos pesados.

AURELIO GAREA PORTOS concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE fai referencia ao depósito de enseres nunha parcela indo hacia Ordes. Indicando que había un todo terreo parado na zona

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP, indica que si o terreo e de titularidade pública chegará o aviso ao Concello.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:04 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.